



REGULAMENTO DE PATENTES E DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FUNDAMENTOS

A regulación da titularidade, distribución de beneficios, así como das diversas situacións que se poidan presentar coas invencións creadas polos profesores e investigadores da universidade, como consecuencia da súa actividade investigadora na mesma, debe ser efectuada por cada universidade, segundo se prevé nos apartados 1 ó 7 do artigo 20 da Lei de Patentes 11/1986, de 20 de marzo (BOE do 26 de marzo de 1986).

O presente Regulamento de Patentes e dereitos de Propiedade Intelectual da Universidade da Coruña, aprobado pola Xunta de Goberno no día 1 de febreiro de 2000, establece o seguinte:

ARTIGOS

1. Corresponde á Universidade da Coruña a titularidade das invencións realizadas polos seus profesores e investigadores integrados na Universidade como resultado da súa función docente e investigadora na Universidade, cando a investigación non estea vinculada a contrato con entes públicos ou privados.
2. Os profesores ou investigadores integrados na Universidade terán o deber de notificar tales invencións á Oficina de Transferencia de Resultado de Investigación (OTRI) da Universidade antes de publicar ou difundir calquera resultado susceptible de ser patentado. A devandita notificación deberá efectuarse por escrito e conte-los datos e informes necesarios para poder aprecia-la utilidade, importancia e novidade co obxecto de que a Universidade poida solicita-la patente. A OTRI elaborará un informe, nun prazo non superior a trinta días hábiles, que presentará ó Rector ou persoa en quen delegue. Todo o proceso se levará a cabo coa máxima discreción, co fin de que non se perda o carácter secreto da invención.
3. O Rector da Universidade, ou persoa en quen delegue, contando cos asesoramentos que estime oportunos á vista do informe mencionado, nun prazo non superior a trinta días hábiles adicionais, comunicará ós inventores se a Universidade está ou non interesada en proceder á solicitude de patente.

4. A Universidade farase cargo de tódolos gastos de tramitación das solicitudes que sexan consideradas. Os profesores ou investigadores integrados na Universidade serán mencionados na solicitude da patente como inventores.
5. Os beneficios que obteña a Universidade procedentes da explotación ou licencia da patente distribuiranse, ó final do correspondente exercicio, na forma seguinte:

65% para os inventores.

15% para o departamento/s onde se realizou o traballo.

15% para a Universidade.

5% para a OTRI.

Idéntica distribución será aplicada nos casos de cesión da patente.

6. A Universidade poderá renunciar á patente en calquera momento, ofrecendo previamente a solicitude da patente ou a titularidade ós inventores que, de facerse cargo desta, seguirán as estipulacións indicadas no artigo 7.
7. Se a Universidade comunica ós investigadores integrados na Universidade que non ten interese na patente, ou no caso de que non efectúe ningunha comunicación no prazo de sesenta días hábiles, a partir da recepción da notificación de invención dos inventores, entenderase que a Universidade renuncia a solicita-la patente e o profesor ou investigador poderá solicitala ó seu nome. Neste caso, a Universidade terá dereito ó 20% dos beneficios líquidos derivados da explotación ou licencia da patente. Igual porcentaxe aplicarase no caso de cesión dos dereitos da patente por parte do titular. En calquera caso, sempre que a patente non fora cedida a terceiros, a Universidade resérvase o dereito de obter do titular desta unha licencia de explotación non exclusiva, intransferible e gratuíta.
8. Nos traballos de investigación sometidos a contrato con entes públicos, privados ou persoas físicas, con carácter xeral, as estipulacións deberán recoller:
 - a. A quen corresponde a titularidade da posible patente. Débese respectar, en todo caso, a mención ós autores do traballo en calidade de inventores. Débese, así mesmo, indicar quen correrá cos gastos da solicitude e mantemento da patente.
 - b. Se a empresa terá algún dereito preferente para a súa explotación cando se prevexa que a universidade sexa a titular da patente. Neste caso, estipularanse as regalías que deberá satisfacer-la empresa ou indicarse que se fixarán en negociacións posteriores entre a empresa e a universidade, a través da OTRI.
 - c. Que pagamentos deberá satisfacer-la empresa á universidade en concepto dos beneficios derivados da explotación da patente, cando estea acordado que a Empresa sexa a titular dela.
 - d. A salvagarda dos dereitos da universidade ante a posibilidade de que a empresa subcontrate a explotación comercial da patente.
 - e. As condicións de publicación (permisos necesarios e prazos) dos resultados obtidos.

Se o contrato garda silencio sobre este punto, a titularidade e os dereitos corresponderán á Universidade, sendo de aplicación o indicado nos artigos 2º ó 7º deste Regulamento.

9. A OTRI levará un rexistro de tódalas solicitudes e depósitos de patentes de invención que recolla este regulamento. No caso de que sexa o organismo contratante da investigación o que efectúe a solicitude, deberá remitir unha copia desta e manter informada á OTRI do estado da tramitación e eventual concesión do dereito de patente.

PROPIEDAD INTELECTUAL

10. O presente artigo aplicarase a tódolos resultados que poidan ser obxecto de propiedade intelectual da Universidade da Coruña, ben sexan por cesión dos seus autores en contrato ou convenio por escrito, por transmisión escrita de autores asalariados ou por calquera outro título xurídico válido e suficiente segundo a lexislación vixente para a atribución e transmisión destes dereitos de propiedade intelectual á Universidade.

1. Cando un programa de ordenador ou calquera outro resultado obxecto de propiedade intelectual, pertencente á Universidade da Coruña nos termos legalmente previstos, sexa susceptible de ser explotado, a Universidade poderá cede-lo dereito de explotación a un terceiro, establecendo a oportuna regalía que se definirá razoablemente en función do correspondente estudio de mercado. As porcentaxes de participación dos beneficios, salvo pacto escrito que os determine, serán :

65% para o autor ou autores.

15% para a Universidade.

15% para o departamento ó que pertence o autor.

5% para a OTRI.